

# Regulamento do Consello local do medio natural do Concello das Pontes de García Rodríguez

Publicación provisional : 22-05-2001 BOP Nº 115 -- Publicación definitiva : 22-05-2001 BOP Nº 115

## Artigo 1.º .-Creación.

Créase o Consello local do medio natural do Concello das Pontes de García Rodríguez, coas atribucións, estrutura e funcionamento determinados no presente acordo.

## Artigo 2.º .-Ámbito.

As funcións a desenvolver polo Consello local do medio natural circunscríbese territorialmente ó término municipal das Pontes de García Rodríguez.

## Artigo 3.º .-Natureza.

O Consello local do medio natural é un órgano colexiado de participación, de carácter complementario, establecido en base ás previsións que sobre participación cidadá nos asuntos municipais dispón o artigo 71 da Lei 5/97, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, no capítulo IV, do título V da Lei 7/85, do 2 de abril (LRBRL), e na restante normativa de ámbito estatal e local, nomeadamente no Regulamento de Participación Cidadá do Concello das Pontes de García Rodríguez; sen prexuízo do exercicio das facultades de decisión dos órganos representativos regulados por lei.

De conformidade coas determinacións legais citadas no parágrafo anterior e nos artigos 130 e seguintes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, terá carácter consultivo e asesor nas materias relacionadas co medio natural. En consecuencia, configúrase como órgano permanente de participación, asesoramento, consulta, proposta, información, comunicación e debate.

## Artigo 4.º .

O Consello local do medio natural terá a seguinte composición:

Presidente: o señor alcalde-presidente ou concelleiro/a no/a que delegue.

Vicepresidente: un concelleiro/a do grupo de goberno, designado polo alcalde-presidente.

Vocais: un representante por cada unha das asociacións medioambientais inscritas no Rexistro municipal de asociacións, non tendo porque ser fixo.

Secretario/a: o/a Secretario/a do Concello ou funcionario no que delegue.

## Artigo 5.º .-Presidente.

O presidente do Consello local do medio natural será o alcalde-presidente da Corporación ou membro en quen delegue. Terá como atribucións propias as seguintes:

- Ostenta-la representación do Consello.
- Acorda-la convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e fixa-la orde do día, tendo en conta, se fose o caso, as peticións dos demais membros formuladas por escrito e coa suficiente antelación.
- Facilita-lo correcto funcionamento do Consello, e garanti-los medios e a información precisa ós membros do Consello para poder desenvolve-lo seu traballo.
- Presidi-las sesións, modera-lo desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- Dispoñe-lo cumprimento dos acordos do Consello.

- Autorizar coa súa sinatura os acordos do Pleno do Consello local do medio natural.
- Dirimi-los empates co seu voto de calidade.
- Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de Presidente.

### **Artigo 6.º .-Secretario/a.**

O secretario/a do Consello local do medio natural será o da Corporación ou funcionario no que delegue. Terá, entre outras atribucións, a de preparar as ordes do día, realizar as correspondentes convocatorias, levantar acta das sesións dos órganos do Consello local do medio natural, custodiar estas, expedir certificacións dos acordos adoptados e aqueloutras que sexan propias do seu labor de Secretario, de acordo coa lexislación vixente. Asistirá ás reunións do Pleno e das Comisións de traballo do Consello local do medio natural con voz pero sen voto.

### **Artigo 7.º .-Funcións do Consello.**

As funcións do Consello local do medio natural serán as seguintes:

- 1.-Servir de canle de participación e diálogo dos interlocutores sociais no desenvolvemento da política ambiental do Concello das Pontes de García Rodríguez, en orde a acadar os acordos ó respecto.
- 2.-Propoñer ós órganos municipais competentes criterios de actuación na liña do desenvolvemento sostible e participar no seguimento da xestión municipal.
- 3.-Informar e ser informado sobre temas específicos do sector e propoñer alternativas concretas ós problemas existentes na área do medio natural para que sexan tratados polos órganos municipais competentes.
- 4.-Ser informado dos dictames aprobados polas respectivas comisións informativas, e das resolucións e acordos do alcalde, Pleno e Comisión de Goberno, respecto daqueles temas relacionados co seu obxecto específico.
- 5.-Emitir informes, por iniciativa propia ou do Concello, sobre materias da súa competencia.
- 6.-Emitir e formular propostas e suxestións en relación co funcionamento dos servizos e organismos públicos municipais correspondentes.
- 7.-Presentar iniciativas, propostas ou suxestións ó Concello, para ser discutidas nas comisións informativas municipais correspondentes.
- 8.-Constituírse en órgano de consulta nos procesos de elaboración das disposicións normativas de ámbito municipal neste eido e, en xeral, nos asuntos de transcendencia para o medio natural do Concello.
- 9.-Establecer canles de relación con outras administracións e organizacións relacionadas co medio natural.
- 10.-Ser informado con anterioridade de toda actuación ou proxecto que pretenda levar a cabo o Concello das Pontes de García Rodríguez e poida ter calquera tipo de repercusión medioambiental, así como ser informado con anterioridade de calquera outra actuación ou proxecto, que pretendan levar a cabo outras entidades, tanto públicas como privadas, que poidan ter repercusións medioambientais dentro do ámbito territorial do Consello.

### **Artigo 8.º .**

Tódolos membros do Consello poderán ser removidos dos seus cargos en calquera momento polo mesmo órgano e procedemento que os designou. En todo caso, revisarase a composición do Consello, unha vez ó ano, e a renovación de cargos cada catro anos, coincidindo coa renovación da Corporación.

### **Artigo 9.º .**

O Consello local do medio natural constituirase na primeira sesión, a convocatoria do presidente; o secretario levantará acta e tramitará as convocatorias contendo a orde do día con antelación suficiente (48 horas tanto nas sesións ordinarias coma nas extraordinarias).

## **Artigo 10.º .**

O Consello local do medio natural establecerá a periodicidade das súas reunións, que deberán ser, como mínimo cada dous meses, por convocatoria do presidente en sesión ordinaria. E en sesión extraordinaria sempre que os asuntos a tratar o requiran e así o considere o presidente, ou o solicite un tercio do total dos membros do Consello local do medio natural.

Así mesmo o Consello local do medio natural dictará normas para o seu funcionamento, complementarias das aquí sinaladas.

## **Artigo 11.º .**

A sesión darase por constituída cando estean presentes a metade máis un dos seus compoñentes na primeira convocatoria. E calquera que sexa o número destes en segunda convocatoria, celebrándose media hora máis tarde. En ámbolos dous casos, sempre que asista o Presidente, o Secretario (ou os que os substitúan) e dous vocais.

## **Artigo 12.º .**

As vacantes, sexa cal sexa a súa causa, deberán cubrirse á maior brevidade, e se así fose conveniente, realizaríase unha convocatoria de sesión extraordinaria para a oportuna toma de posesión do novo membro.

## **Artigo 13.º .**

Ás sesións do Pleno do Consello local do medio natural poderán asistir aqueles especialistas, técnicos e personalidades que se considere necesario. A súa participación será con voz pero sen voto.

## **Artigo 14.º .**

Os membros do Consello local do medio natural que o sexan en virtude da representación que ostentan, perderán a condición de tales no momento de cesaren como representantes dos seus respectivos colectivos.

## **Artigo 15.º .**

A sede e lugar de reunión do Consello local do medio natural será, en principio, a Casa do Concello, sen prexuízo de que se utilicen outros locais se así se estimase conveniente.

## **Artigo 16.º .-Entrada en vigor.**

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez tramitado o expediente de aprobación consonte ó establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e transcorridos os prazos a que se refire o artigo 64, en relación co 65, ámbolos dous da meritada Lei 7/85.

## **Artigo 17.º .-Disposicións adicionais.**

### **Primeira.**

Será requisito imprescindible para participar nos Consellos, á parte dos xa reseñados, que tanto os representantes como as entidades representadas manifesten consentimento explícito a estas normas e a aquelas de réxime interior e funcionamento de que se doten os ditos organismos.

### **Segunda.**

Para a resolución das cuestións non previstas ou dúbidas de interpretación que poidan xurdir na aplicación do presente regulamento, así como para a inclusión ou retirada no Rexistro Municipal de Asociacións, facúltase á Comisión de Goberno para que resolva.

### **Terceira.**

No non previsto neste regulamento serán de aplicación supletoria as disposicións vixentes sobre réxime local. En particular, son de aplicación:

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídicos das Entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.